

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, integrante do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno** relativa á nova denegación polo CNI da Habilitación Persoal de Seguridade a un traballador de Navantia Ferrol e sobre a conculcación de dereitos políticos que se desprende da mesma.

O goberno galego, sempre atento a facer respectar os dereitos da cidadanía galega, contestou por escrito a unha iniciativa presentada polo noso grupo en relación coa inmotivada denegación da habilitación de seguridade a un traballador de Navantia Ferrol.

A ousada resposta da Xunta sinalaba que as concesións desas habilitacións son competencia estatal e polo tanto allea ás competencias do goberno galego. Séguese desa resposta que a Xunta de Galicia calou e non fixo xestión algunha coas autoridades competentes. Así defende a Xunta a súa cidadanía: entre o silencio e a obediencia.

A defensa dos dereitos deste cidadán chegou pola vía xudicial nunha sentenza en apelación da sección sétima da sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional. Nesa sentenza, no cuarto dos seus fundamentos de dereito faise un repaso exhaustivo dos requisitos de fondo que contén a norma NS/02 sobre os criterios de valoración da idoneidade das persoas relativos á habilitación de seguridade do persoal, e que non son aplicables neste caso. Ou no seu fundamento sexto fai notar a sentenza a necesidade de motivación para evitar caer na arbitrariedade para concluír a falla de razóns determinantes das que adoece a denegación primeira. Conclúe a sentenza estimando o recurso de apelación pola falla de motivación.

Agora sabémolo ben: con data de 3 de novembro o secretario de Estado director da Centro Nacional de Intelixencia, Félix Sanz Roldán cóntanos a verdade da negativa:

“El señor..... ha demostrado una continuada participación en organizaciones y grupos cuyos ideales defienden una estrategia revolucionaria: de clase, anticapitalista e internacionalista.”

Os dereitos constitucionais quedan desta maneira anulados por unha decisión administrativa. Afortunadamente non seguida, de momento alomenos, dunha letre du cachet que encarcele ao sospeitoso.

A Xunta de Galicia non pode restar na indiferenza respecto de resolucións administrativas que feden a inquisición macartista. A súa obriga é velar pola salvagarda dos nosos dereitos, entre elas os políticos e civís.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Considera a Xunta xusto que se poda denegar unha habilitación persoal de seguridade a un traballador por motivos políticos?

En Compostela, a 17 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 17/11/2015 13:31:04